
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/19-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PERCEBE	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )
<b>Ambito do plan</b>	De punta Piaduiro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes)
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A (Tourrián): de praia de Nemiña a punta Matemao (CM-026, CM-027) Zona B (A Buitra): de punta Matemao a praia de Lourido (CM-027, CM-028) Zona C (A Barca): de praia de Lourido a punta Piaduiro. - Subzona C1: a Barca e Langosteira (CM-029) - Subzona C2: de praia Espiñeirido a punta Piaduiro (CM-030, CM-031)

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
38	8	23
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>SI</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
12	0	0

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		150										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: a pé</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: dende embarcación</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé (Mariscador/día)</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Habilitación enrolado e a bordo/día</b>
Percebe	5 kg	-	5 kg

<b>Artes a empregar</b>	Raspa e trueiro
-------------------------	-----------------

<b>Puntos de control</b>	A pé: - Zona A: saída da pista de Moreira - Zona B: campo de Carlos - Zona C: campo de Boubirón e A Barca Embarcacións: rampla do peirao de Muxía.
--------------------------	---



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



**XACOBEO 2010**  
Galicia

<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Muxía
------------------------	----------------

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
<b>Sementeiras</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
<b>Rareos</b>						X	X	X				
Zonas: Zonas A, B												
Especies: Percebe												
<b>Limpezas e arados</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Participantes:** Inclúen un listado de 38 percebeiros a pé, e aínda que coincide co número de percebeiros autorizados a traballar neste plan no ano 2011, na relación inclúen a ....., que non ter o permiso renovado para o ano 2011 e non inclúe a ..... que ten renovado o permex para o ano 2011.

Así mesmo, inclúe o listado coas 8 embarcacións -con 23 cotas- e 15 tripulantes habilitados, co recurso percebe no seu permiso de explotación e asociadas á confraría de Muxía.

No que se refire á exclusión “temporal” de participantes do plan por incumprimento das normas deste recordar que a lexislación vixente non recolle a situación de “exclusión temporal”. Sen embargo, o punto terceiro do artigo único da Orde do 13 de novembro de 2008, que modifica o artigo 8.1 da Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe, establece ao respecto da renovación dos permisos de explotación para percebe a pé que “... *Igualmente, a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico*”, así como o artigo 9.2 da Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe, establece ao respecto da renovación do percebe no permiso de explotación para embarcacións que “*A renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación*”.



específico”.

**Ampliación:** Apróbase a ampliación proposta de permisos de explotación para percebe a pé, a fin de cubrir as vacantes producidas no último ano, isto é 12 prazas. Sen embargo, a situación do recurso e os datos obtidos no seguimento da súa explotación desaconsellan incrementar o esforzo pesqueiro, polo que non se aproba a proposta de incremento do número de embarcacións, nin de habilitacións nas embarcacións autorizadas tendo en conta ademais que existen 8 habilitacións vacantes que se poderían cubrir ao longo do ano.

**Xestión da explotación:** A explotación do ámbito do plan realizarase mediante a rotación das tres zonas de produción. Para una mellor xestión, de cara ao 2011 divídese a zona C en dúas subzonas.

**Extracción dirixida ao percebe "alongado"** que se desenvolverá baixo as seguintes condicións:

- Solicitude expresa, para a súa valoración e aprobación de ser o caso, que se remitirá ao departamento territorial indicando os seguintes aspectos: zona, data, cota máxima de captura, relación de participantes, talla mínima e puntos de control
- Talla mínima do percebe "alongado": entre 6 e 8 cm de lonxitude total. Deberase concretar na solicitude de apertura a talla mínima dentro do rango indicado anteriormente.
- Cota máxima de captura: 10 kg/percebeiro/día e 10 kg/habilitación enrolado e a bordo/día
- Os días adicados a esta extracción selectiva non computarán no número de días máximoa de extracción
- Esta extracción realizarase durante un máximo de 12 días entre os meses de xuño, xullo e agosto e sempre que a o coeficiente de marea supere o 1,30 m.
- O percebe extraído será vendido mediante poxa na lonxa.
- As zonas nas que se levará a cabo esta extracción deberán estar claramente identificadas

**Puntos de control:** Establécese un único punto de control para as embarcacións, na rampla do peirao de Muxía, e puntos de control en cada unha das zonas de extracción para os percebeiros a pé. Sen embargo, a subdivisión da zona C en dúas subzonas, e o feito de que os dous puntos de control establecidos nesta estean ubicados na subzona C1, aconsella o establecemento dun novo punto de control na subzona C2. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan, o que implica que sempre debe estar operativo o punto de control que corresponda á zona na que se estea a traballar, ademais do peirao para as embarcacións. Recoméndase establecer puntos de control de a pé máis cercanos ás zonas de extracción, e una maior implicación do sector na realización destes controis.

Non aporta as normas de funcionamento dos puntos de control nin designa ás persoas responsables.

Para un seguimento técnico axeitado da explotación é imprescindible o funcionamento eficaz dos puntos de control establecidos, e a remisión mensual dos datos de extracción obtidos nos controis ao Departamento Territorial da Consellería do Mar.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo memo propietario que a entrega”.*

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos



regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Vixilancia:** Os integrantes deste plan colaborarán nas labores de vixilancia dos bancos de percebe. A organización das vixilancias non está definida (distribución de grupos, establecemento de quendas...), nin se designa ás persoas responsables. Establécese a obrigatoriedade de realizar vixilancias para todos os participantes deste plan, aínda que non se aclara se computarán como días de actividade a efectos da renovación dos permisos de explotación de percebe a pé nin como se fará o control de asistencias.

**Réxime sancionador:** Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase a elaboración e aprobación do regulamento de réxime interior da agrupación de percebeiros.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan polos órganos de goberno da confraría.
- Xustificación da exclusión de .....
- Resolución do expediente sancionador pola que se resolve a non inclusión no plan do ano seguinte de cada unha das persoas sancionadas.
- Localización do punto de control correspondente á subzona C2.
- Normas de funcionamento e responsables do punto de control.
- De ser o caso, forma na que computarán as vixilancias a efectos de renovación dos permisos de explotación a pé e forma na que se realizará o control de asistencias.